

# Phylloscopus collybita (Vieillot, 1817)

	picafollos común
	mosquitero común
	txio arrunta
	mosquiter comú
	common chiffchaff
	felosa-comum



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	7,5 g
<b>Lonxitude</b>	10-11 cm
<b>Envergadura</b>	15-21 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Sylviidae	<i>Phylloscopus</i>

## ALIMENTACIÓN

Pequenos invertebrados complementados con froitos e incluso néctar e pole.

## COMPORTEAMENTO

Esta ave constrúe o seu niño a moi pouca altura entre a matogueira, sendo este unha bola cunha entrada lateral e construído con talos e follas secas e forrado con plumas e raíces.

## REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a xullo. Ata 2 postas anuais, de 3-9 ovos de cor branca que son incubados 13-15 días pola femia. Os polos voarán aos 14-16 días, independizándose nos seguintes 10-20 días.

## HÁBITAT

Preferentemente bosques de ribeira ou caducifolios frescos e húmidos.

## DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuída polas latitudes temperadas e boreais de Europa e Asia ata o lago Baikal, de forma máis localizada no sueste de Europa e en Oriente Próximo

## CURIOSIDADES

Recorre as ramas picoteando incesantemente, con voos curtos fóra do arbusto para atrapar insectos que pasan voando. En inverno, cando non hai invertebrados activos, explora as gretas de ramas e troncos en busca de postas de insectos ou outros invertebrados que se puideron ocultar aí para hibernar.

No noso territorio aparece principalmente a forma “collybita”.